

**ACTA DA REUNIÓN ORDINARIA DA COMISION INFORMATIVA DE IGUALDADE, POLÍTICAS SOCIAIS, FAMILIA E RETO DEMOGRÁFICO CELEBRADA O DIA 19 DE ABRIL DE 2024**

**PRESIDENTA:**

**Dona María Sandra Bastos Míguez**

**VOGAIS:**

**Dona María Nava Castro Domínguez**

**Dona Luisa María Sánchez Méndez**

**Don Rafael Domínguez Artime**

**Don Jorge Cubela López**

**Don Javier Tourís Romero** na vacante por

renuncia de **José Carlos López Campos**

**Dona María Pilar Ramallo Vázquez**

**Don Manuel Alejandro Lorenzo Alonso**

**Don Jesús Vázquez Almuiña**

**Don Carlos Gómez Prado**

**Dona Ana Laura Iglesias González**

**Dona Digna Rosa Rivas Gómez**

**Don Gregorio Luis Agís Gómez** en

substitución de **Dona Nuria Rodríguez**

**Rodríguez**

**Don Gorka Gómez Díaz**

**Don Javier Iglesias Mougán**

**Dona María Manuela Rodríguez Pumar**

**Dona María Ortega Iñarrea**

En Pontevedra, sendo as once horas e corenta e cinco minutos do día 19 de abril de 2024, reúnense na Sala de Xuntas da Deputación de Pontevedra, baixo a Presidencia de Dona María Sandra Bastos Míguez, as señoras e señores deputados que ó marxe se sinalan, membros da Comisión Informativa de Igualdade, Políticas Sociais, Familia e Reto Demográfico

Actúa como Secretaria, Dona Ana Isabel Amoedo Garrido, adxunta xefatura do Servizo de Igualdade.

Aberta a Sesión pola Presidencia, adoptáronse os seguintes acordos:

**1. APROBACIÓN DO BORRADOR DA ACTA DA SESIÓN ORDINARIA DO 22 DE MARZO DE 2024 (Expediente 2024018805)**

A comisión acorda prestar aprobación, por unanimidade, a acta da sesión ordinaria celebrada o día 22 de marzo de 2024.

**2. DAR CONTA DA CONCESIÓN DAS AXUDAS BÁSICAS DE EMERXENCIA NOS SERVIZOS SOCIAIS COMUNITARIOS DA DEPUTACIÓN PROVINCIAL DE PONTEVEDRA PARA O ANO 2024 (Expediente 2023072102)**

Dende o Servizo de Benestar Social elaboran informe para dar conta ás persoas asistentes á Comisión Informativa de Igualdade, Políticas Sociais, Familia e Reto Demográfico da concesión das Axudas Básicas de Emerxencia nos Servizos Sociais Comunitarios da Deputación Provincial de Pontevedra para o ano 2024, cuxo contido literal é o seguinte:

**"DATOS DE INTERESE:**

- *Bases reguladoras aprobadas: Xunta de Goberno do 12 de xaneiro de 2024*
- *Publicación das bases: BOPPO núm. 15 do 22 de xaneiro de 2024*
- *Prazo de presentación solicitudes: Do 23 de xaneiro ao 22 de febreiro de 2024*
- *Dotación: seiscentos mil oitocentos (600.800,00) euros, dos que trescentos noventa e tres mil cen (393.100,00) euros son para gasto corrente, con cargo á aplicación 24/231.2313.462.00, e douscentos sete mil setecentos (207.700,00) euros para investimento, con cargo á aplicación 24/231.2311.762.00 do Orzamento provincial.*

*As bases reguladoras teñen por obxecto aprobar a convocatoria de subvencións dirixidas aos concellos de menos de 20.000 habitantes, destinadas a prestar apoio económico para atender as necesidades urxentes das persoas que se atopen en situación ou risco de exclusión social.*

*Serán destinatarios destas subvencións os concellos de menos de 20.000 habitantes da provincia de Pontevedra, que xestionarán as citadas axudas a través dos seus servizos sociais comunitarios.*

*Pódense beneficiar das axudas básicas de emerxencia as persoas empadroadas e con residencia efectiva en calquera dos municipios de menos de 20.000 habitantes da provincia de Pontevedra, que xestionen a súa demanda a través dos servizos sociais comunitarios do seu concello e que carezan de ingresos suficientes para lles facer fronte aos gastos para os que se solicita a axuda.*

*A asignación das contías máximas establecidas para cada concello defínense en función da súa poboación, índice de dependencia global, taxa de desemprego e renda dispoñible bruta.*

*No procedemento de solicitude cada concello debía indicar a cantidade que considere oportuna en función das súas necesidades (para gasto corrente e investimento), sen superar a contía máxima establecida nas bases reguladoras da convocatoria.*

*Serán obxecto de subvención os seguintes conceptos:*

- *Alimentación*
  - *Uso da vivenda*
  - *Pagamento de subministros básicos*
  - *Pagamento de produtos e servizos de hixiene e limpeza*
  - *Pagamento de produtos farmacéuticos*
  - *Adquisición de electrodomésticos básicos*
  - *Pagamento de desprazamentos*
  - *Pagamento da reparación e mantemento de vehículos*
  - *Pagamento de lentes, lentes de contacto e audiófonos*
  - *Pagamento de gastos derivados de tratamentos de odontoloxía*
  - *Pagamento de produtos de apoio*
  - *Atencións de carácter complementario*
-

- Axudas para adquisición de roupa e calzado
- Axudas de estudo
- Axudas de apoio á infancia

Rematado o prazo de presentación de solicitudes, adhírense á convocatoria os 51 concellos da provincia de menos de 20.000 habitantes, solicitando cada concello o importe máximo a conceder segundo o previsto no anexo I das bases reguladoras da convocatoria.

O importe total solicitado e aprobado para gasto corrente ascende a 413.550,00 € con cargo á aplicación 24/231.2313.462.00, e 187.250,00 € para gastos de inversión, con cargo á aplicación 24/231.2311.762.00 do Orzamento provincial”.

A Comisión Informativa de Igualdade, Políticas Sociais, Familia e Reto Demográfico queda enterada do contido de dito informe.

### 3. **DAR CONTA DA CONVOCATORIA DO PROGRAMA +BENESTAR 2024** (Expediente 2023045216)

Dende o Servizo de Benestar Social elaboran informe para dar conta ás persoas asistentes á Comisión Informativa de Igualdade, Políticas Sociais, Familia e Reto Demográfico da convocatoria do Programa +BENESTAR para o exercicio 2024, cuxo contido literal é o seguinte:

#### **"DATOS DE INTERESE:**

- **Bases reguladoras:** prevista a aprobación por Acordo da Xunta de Goberno, na súa sesión do 12 de abril de 2024
- **Previsión de publicación no BOPPO:** finais de xullo – primeiros de xullo.(condicionado a adxudicación do procedemento de contratación da empresa)
- **Procedemento de contratación** mediante procedemento aberto da xestión desenvolvemento e execución do programa: en fase de tramitación

#### **Novidades con respecto ao ano 2023**

- O programa oferta unha soa modalidade de estadía con pernoita. O programa de asistencia diaria non se convoca.
  - Incorporase financiación por parte da Deputación ( especificada no punto 5)
  - A idade para participar no programa será de 55 anos ( anteriormente 50 anos)
-

## **1. ANTECEDENTES**

*A Deputación de Pontevedra, a través do Servizo de Benestar Social, ten entre os seus obxectivos o fomento das políticas de inclusión e benestar social a través da convocatoria de programas que melloren a calidade de vida das persoas e promovan a participación e cohesión social da poboación da provincia. .*

*Esta institución leva a cabo a organización de actividades dirixidas a persoas maiores de 55 anos, xubiladas e pensionistas, coa finalidade de favorecer o envellecemento activo das persoas maiores, fomentar a participación e a cooperación social, promovendo espazos de encontro e intercambio de experiencias que permitan fomentar a súa independencia e evitar así o illamento e as situacións de soidade non desexada.*

*Constituída a nova corporación provincial, no exercicio das súas competencias, promove o programa termal + Benestar cun claro obxectivo social, xa que lles facilita o acceso ao turismo de saúde a persoas que doutro modo non poderían beneficiarse da súa dobre función, como período de vacacións e como tratamento sanitario, que ademais contribúe á sostibilidade económica da provincia.*

*O programa ten un gran arraigo dentro das actuacións termais que a Deputación de Pontevedra ven desenvolvendo na área de persoas maiores (anteriormente SAÚDE E BENESTAR e DEPOTERMAL), a través dos cales se recibían unha media de preto de 4.000 solicitudes cada ano, así como o forte arraigo na provincia ao desenvolverse deste hai máis de 15 anos, o que constitúe unha proba do interese público deste tipo de actividades.*

## **2. CONTIDO**

*O programa caracterízase por ofrecer unha estancia de seis días e cinco noites (entrada os domingos pola tarde e saída os venres despois de xantar) nun hotel con balneario, talaso, spa ou outras instalacións de características similares da provincia de Pontevedra, en réxime de pensión completa e con actividades de animación sociocultural. As persoas solicitantes poderán elixir indistintamente no momento da solicitude calquera dos establecementos ofertados, se ben a asignación de prazas estará suxeita a dispoñibilidade.*

*Ademais da estadía, o paquete comprende pensión completa (coas bebidas incluídas); utilización do spa, do balneario ou doutras instalacións de características similares, un mínimo de dúas horas ao día; e os traslados en autobús.*

## **3. LISTADO DE CONCELLOS COLABORADORES NO PROGRAMA**

*Todos aqueles concellos xa adheridos na convocatoria de 2022, publicada no Boletín Oficial da Provincia de Pontevedra (BOPPO) núm. 64, de 1 de abril de 2022, considéranse entidades colaboradoras.*

*As persoas interesadas poderán acudir ás entidades colaboradoras do seu ámbito territorial y solicitar asistencia para presentar as solicitudes.*

*As e os veciños das entidades colaboradoras poderán beneficiarse das prazas subvencionadas do réxime especial. Estas entidades deberán cumprir coas obrigas establecidas nas bases reguladoras, segundo o disposto na Lei 38/2003, de 17 de novembro, xeral de subvencións.*

---



1	AGOLADA
2	ARBO
3	BARRO
4	CALDAS DE REIS
5	CAMBADOS
6	CAMPO LAMEIRO
7	CANGAS
8	CAÑIZA, A
9	CATOIRA
10	CERDEDO-COTOBADE
11	COVELO
12	CRECENTE
13	CUNTIS
14	ESTRADA, A
15	FORCAREI
16	FORNELOS DE MONTES
17	GONDOMAR
18	GROVE, O
19	GUARDA, A
20	ILLA DE AROUSA, A
21	LALÍN
22	LAMA, A
23	MARÍN
24	MEAÑO
25	MEIS
26	MOAÑA
27	MONDARIZ-BALNEARIO
28	MORAÑA
29	MOS
30	NEVES, AS
31	NIGRÁN
32	OIA
33	PAZOS DE BORBÉN
34	POIO
35	PONTE CALDELAS
36	PONTECESURES
37	PONTEVEDRA

---

38	PORRIÑO, O
39	PORTAS
40	REDONDELA
41	RIBADUMIA
42	RODEIRO
43	ROSAL, O
44	SALCEDA DE CASELAS
45	SANXENXO
46	SILLEDA
47	SOUTOMAIOR
48	TOMIÑO
49	TUI
50	VALGA
51	VILABOA
52	VILA DE CRUCES
53	VILAGARCÍA DE AROUSA
54	VILANOVA DE AROUSA

#### **4. PERSOAS BENEFICIARIAS**

O programa "+Benestar" 2024 contará con 2.127 prazas. Poderán beneficiarse del as persoas que reúnan os seguintes requisitos:

- 1) *Estar empadroadas na provincia de Pontevedra*
  - 2) *Ter 55 anos ou máis*
  - 3) *No suposto de ter menos de 55 anos, deberá darse algunha das seguintes circunstancias:*
    - *Ter recoñecido un grao de discapacidade igual ou superior ao 65 %, o que se acreditará coa tarxeta ou co certificado de recoñecemento do grao de discapacidade.*
    - *Posuír a condición de pensionista polos conceptos de xubilación, invalidez, viuvez ou outras pensións.*
    - *Ter acreditado, polos servizos sociais comunitarios básicos do seu Concello, un respiro familiar.*
  - 4) *Non sufrir ningunha enfermidade ou patoloxía incompatible coa actividade do programa.*
  - 5) *Non padecer alteracións de comportamento que poidan perturbar a normal convivencia nos establecementos nin enfermidades con risco de contaxio.*
  - 6) *Poder realizar as actividades elementais da vida diaria de forma autónoma.*
-

#### **5. REXIME ECONOMICO**

As 2.127 prazas ofertaranse nos seguintes termos:

- 2.097 de réxime xeral; a Deputación subvencionará 100 euros do custo da praza (209.700,00 euros)
- 30 de réxime especial; a Deputación subvencionará un máximo de 400 euros do custo da praza (12.000,00 euros)

Poderán beneficiarse das prazas de réxime especial as persoas que cumpran os requisitos establecidos e carezan de recursos económicos suficientes para facerlle fronte ao seu custo. Para solicitantes do réxime especial, requirirase a valoración da traballadora ou traballador social dos servizos sociais comunitarios municipais na que se reflecta calquera destas circunstancias: estar en situación ou risco de exclusión social, ter escasos recursos económicos e que o programa se axuste ás necesidades da persoa solicitante.

Os prezos dos establecementos ofertados, unha vez descontada a subvención da Deputación, detállanse unha vez adxudicado o contrato a empresa especializada.

#### **6. PREVISION DE DESENVOLVEMENTO DO PROGRAMA**

Unha vez rematado o prazo de presentación de solicitudes, e adxudicadas as prazas, a previsión estimada de inicio do programa será a partir do 15 de setembro de 2024, e nos meses de temporada baixa. Previsións que dependerán da data de adxudicación.

#### **DEPOTERMAL 2023**

A participación da modalidade con pernoita no ano 2023 foi de 1.127 persoas”.

A Comisión Informativa de Igualdade, Políticas Sociais, Familia e Reto Demográfico queda enterada do contido de dito informe.

#### **4. DAR CONTA DA CONVOCATORIA DO PROGRAMA +CONVIVENCIA 2024** **(Expediente 2024011107)**

Dende o Servizo de Benestar Social elaboran informe para dar conta ás persoas asistentes á Comisión Informativa de Igualdade, Políticas Sociais, Familia e Reto Demográfico da convocatoria do Programa +CONVIVENCIA para o exercicio 2024, cuxo contido literal é o seguinte:

#### **“PROGRAMA “+ CONVIVENCIA 2024”**

- Bases X.G o día 05/04/2024

- Publicación das bases no BOPPO – 10 de abril de 2024

- Prazo de presentación de solicitudes: Do 15 de abril ao 1 de decembro de 2024

---

## **DATOS DE INTERESE**

*A institución provincial convoca o programa "+CONVIVENCIA", baseado en experiencias anteriores como "Coñece a túa Provincia" ou en "Ruta coa Depo", actividades que contan cun grande arraigo na provincia e que se veñen desenvolvendo desde hai máis de 20 anos, co obxectivo de crear espazos de participación para as entidades da provincia de Pontevedra, onde poidan compartir experiencias e poñer en valor o patrimonio natural, artístico, etnográfico e cultural de proximidade.*

*O novo programa aposta por dar maior autonomía ás entidades participantes para escoller as actividades socioculturais que máis interese lle susciten dentro do Catálogo de actividades socioculturais previstas no programa, así coma a época do ano que mellor se adapte ás súas necesidades.*

*A contía prevista para esta convocatoria de subvencións, ascende a douscentos vinte mil euros (220.000,00) euros, que representa o máximo de obrigas que se poden adquirir con cargo a esta convocatoria. Só se concederá unha subvención por entidade. O importe máximo da subvención para cada actividade non poderá exceder da cantidade de mil (1.000,00) euros*

*As entidades terán ata o 15 de decembro de 2024 inclusive, para desfrutar da actividade concedida.*

*A institución provincial ofertará o programa a través dunha empresa especializada na materia, responsable da execución, coordinación e avaliación do programa.*

## **ENTIDADES DESTINATARIAS E GASTOS FINANCIABLES**

*Ofértanse un mínimo de 220 actividades que poderán as entidades de iniciativa social, asociacións de mulleres, asociacións de maiores, asociacións veciñais e culturais e ANPAS, que teñan a sede social ou unha delegación na provincia de Pontevedra.*

*Tratándose dunha convocatoria de subvencións en concorrencia non competitiva, as solicitudes resolveranse por orde de rexistro de entrada, entre aquelas solicitudes de reúnan os requisitos previstos na presente convocatoria.*

*Consideraranse gastos subvencionables aqueles que de xeito indubidable respondan á natureza da actividade subvencionada tales coma:*

- *Custos de entradas ou similares*
- *Gastos de medios de transporte*
- *Gastos de axencias de viaxes*
- *Gastos de guías oficiais de Galicia (<https://aei.turismo.gal/es/registro-de-empresas-e-actividades-turisticas>)*
- *Gastos de seguros necesarios para o desenvolvemento da actividade*
- *Gastos de restauración e/ou catering que non poderán exceder do 50% do gasto subvencionable (máximo 500 euros)".*

*A Comisión Informativa de Igualdade, Políticas Sociais, Familia e Reto Demográfico queda enterada do contido de dito informe.*

---



5. **DAR CONTA DO CONVENIO DE COLABORACIÓN ENTRE A DEPUTACIÓN DE PONTEVEDRA E A UNIVERSIDADE DE VIGO PARA A REALIZACIÓN DE CURSOS DE ESPAÑOL PARA A PREPARACIÓN DO DELE DO NIVEL A2 (Expediente 2024007896)**

Dende o Servizo de Benestar Social elaboran informe para dar conta ás persoas asistentes á Comisión Informativa de Igualdade, Políticas Sociais, Familia e Reto Demográfico da convocatoria do Convenio de Colaboración entre a Deputación de Pontevedra e a Universidade De Vigo para a realización de cursos de español para a preparación do DELE do nivel A2 cuxo contido literal é o seguinte:

**“DATOS DE INTERESE:**

- ✚ **Formalización do Convenio de Colaboración** entre a Deputación e a Universidade de Vigo
  - Resolución Presidencial núm. RP2024002462 do 25 de marzo de 2024 pola que se aproba o convenio de colaboración.
  - Sinatura do convenio e entrada en vigor: 2 de abril de 2024
- ✚ **Dotación:** dezoito mil (18.000,00) euros, con cargo á aplicación orzamentaria 24/231.2313.480.02.

**Convocatoria relacionada co obxecto do convenio:**

- ✚ **Bases reguladoras da oitava edición dos cursos de español para a preparación do DELEA A2 para o ano 2024** aprobadas por Resolución Presidencial núm. 2024001435 do 21 de febreiro de 2024
- ✚ **Publicación das bases e do extracto no BOPPO :** do 27 de febreiro de 2024
- ✚ **Prazo de presentación solicitudes:** Do 1 ao 15 de marzo de 2024
- ✚ **Solicitudes recibidas:** 124

**Partes asinantes**

*A UVigo é unha institución de dereito público, ao servizo da sociedade, que goza de autonomía e está dotada de personalidade e capacidade xurídica e de patrimonio propio. No marco das súas competencias, correspóndelle a prestación do servizo público da educación superior mediante a investigación, a docencia, o estudo, a transferencia do coñecemento á sociedade e a extensión universitaria.*

*A UVigo préstalles especial atención á formación e á acreditación en linguas tanto da comunidade universitaria coma da súa contorna próxima, a través da colaboración neste ámbito con distintas entidades con obxectivos centrados na formación de idiomas e na estandarización de probas de acreditación. Entre estas colaboracións está a establecida co Instituto Cervantes para realizar e administrar a proba de acreditación do Diploma de Español como Lingua Estranxeira (DELE) en todos os seus niveis.*

---

*En base a normativa vixente que regula a adquisición da nacionalidade española é necesario que as persoas solicitantes, entre outros requisitos, superen a proba DELE (Diploma de Español como Lingua Estranxeira), como mínimo nivel A2.*

*No artigo 2 da Lei 13/2008, de 3 de decembro, de servizos sociais de Galicia, defínense os servizos sociais como un conxunto coordinado de prestacións, programas e equipamentos destinados a garantir a igualdade de oportunidades no acceso á calidade de vida e á participación social de toda a poboación galega, mediante intervencións que permitan lograr os obxectivos marcados nesta lei.*

*No artigo 36.1 d) da LRBRL atribúeselles ás deputacións a competencia da cooperación no fomento do desenvolvemento económico e social e na planificación no territorio provincial, de acordo coas competencias das demais administracións públicas neste ámbito. Ademais, no artigo 109 da LALG encoméndaselles, en xeral, o fomento e a administración dos intereses particulares da provincia.*

*Ambas as partes consideran de interese común fomentar a cooperación e a colaboración para impartir os Cursos de Español, promovidos pola Deputación de Pontevedra, para a Preparación do DELE nivel A2 do Marco común europeo de referencia para as linguas (MCER), expedido polo Instituto Cervantes. Así o amosan os datos das últimas sete edicións, nas que se formaron 384 persoas inmigrantes, cunha porcentaxe de aprobados que superou o 90 %.*

#### **Contido**

*Impartiranse tres (3) edicións anuais de ata sesenta (60) prazas, cun máximo de vinte (20) alumnas e alumnos por aula.*

*Estes cursos teñen como finalidade preparar de maneira práctica as probas do exame para obter a certificación do nivel A2 de español do Instituto Cervantes (DELE A2).*

*Levaranse a cabo mediante prácticas e simulacros de exame e o desenvolvemento de habilidades e estratexias para aproveitar ao máximo os coñecementos e o tempo durante a proba*

*O contido está orientado á familiarización coa estrutura do exame DELE A2 (proba, tarefas, criterios de cualificación etc.) e ao desenvolvemento de estratexias para superalo.*

#### **Obrigas da Universidade de Vigo**

*Asumir individualmente a impartición da docencia de todas as edicións e achegar o persoal docente para o seu correcto desenvolvemento, así como levar a cabo as xestións necesarias para matricular o alumnado na realización das probas (apartado 5 da cláusula primeira).*

*Colaborar na difusión destes cursos.*

*Xustificar anualmente as actuacións executadas perante o órgano provincial*

#### **Obrigas da Deputación de Pontevedra**

*Proporcionar as aulas onde se desenvolverán as actividades formativas.*

---

*Financiar a actividade obxecto deste convenio coa cantidade anual fixada polas partes, en concepto de colaboración coa execución das actuacións previstas neste convenio. A cantidade para este exercicio ascende a dezaseis mil catrocentos dez (16.410) euros con cargo á aplicación orzamentaria 24/231.2313.480.02.*

*Deseñar a imaxe.*

*Facilitar os medios materiais.*

*Elaborar as bases reguladoras do programa*

***Vixencia do convenio***

*Este convenio terá unha vixencia de **catro (4) anos desde a súa sinatura**, condicionado á existencia de consignación orzamentaria anual por parte da Deputación para realizar a actividade, así como a tramitación da correspondente addenda segundo o previsto.*

*Este convenio poderá prorrogarse de forma expresa a través da correspondente addenda, por períodos anuais, bianuais ou superiores, ata un máximo de catro (4) anos”.*

A Comisión Informativa de Igualdade, Políticas Sociais, Familia e Reto Demográfico queda enterada do contido de dito informe.

**6. ROGOS E PREGUNTAS.**

Non se levan a cabo intervencións neste apartado.

E non habendo máis asuntos, a presidenta levanta a sesión, sendo ás once horas e cincuenta minutos, do que eu, como secretaria, dou fe.

*Asinada dixitalmente na data que figura na marxe.*

---